

Nomes propios no mural da Memoria das Mulleres de Pontevedra

Amalia Álvarez

Tiña trinta anos e estaba embarazada da quinta filla cando quedou viúva do líder nacionalista Alexandre Bóveda, fusilado na Caeira en agosto de 1936. É todo un exemplo das mulleres que sacaron a familia adiante, con afouteza, no peor dos tempos.

Cándida Otero

Nacida en 1846, Cándida Otero foi pioneira no mundo da fotografía, no que traballou durante catro décadas. Co seu home, Filippo Prósperi, rexentou estudos en Vigo e Pontevedra. Premiada en varias ocasións, ao enviuvir seguiu co negocio, primeiro soa e despois asociada a Pacheco.

Carmen Durán

Quedou viúva con tres nenas e embarazada do cuarto, porén púxose á fronte da empresa familiar, desde entón chamada Autocares Vda. de Cándido, e ata mon-



tou unha froitaría no garaxe. Muller solidaria, levaba no autobús paquetes de comida para a xente presa polo franquismo.

Chichana Patiño

Elisa Patiño foi a primeira galega que obtivo o título de aviadora. É considerada, tamén, a primeira en subir a un aeroplano, o que despegou da praia de Baltar, en Sanxenxo, o 8 de abril de 1913, pilotado por José Piñeiro. En outubro dese ano xa era Chichana a que estaba aos mandos.

Cinta Rey

Nai do secretario do Partido Galeguista, Víctor Casas, a súa imaxe abrazada ao piñeiro da Caeira onde o seu fillo fora fusilado xunto a outros nove republicanos, o 12 de novembro de 1936, é todo un símbolo da memoria de Galiza. A foto qui-toulla Amalia Álvarez, viúva de Bóveda.

Clara López

Foi a propietaria de Almacenes Clarita, histórico negocio téxtil que se inaugurou en 1916 na Praza da Ferraría, a mesma que acollía a feira onde a súa nai, María Santiago, vendía mandís e teas. Atendeuno e fíxoo próspero mentres se ocupaba tamén das súas sete criaturas.

Concepción Arenal

Precursora do feminismo, naceu en Ferrol en 1820 e na idade adulta residiu temporalmente en Pontevedra. Foi a primeira muller que asistiu a unha Universidade española, cando o acceso estaba reservado aos homes. Licenciouse en Dereito e foi visitadora das prisións de mulleres.

Consuelo Acuña

O franquismo fusilouna o 14 de decembro de 1936 xunto ao seu irmán Ramón, por teren agochados no albio da súa casa de Salcedo o home da súa irmá Manuela, Manuel Méndez, e outro republicano fuxido tras o golpe, Juan Manuel Gómez Corbacho. Tiña daquela sesenta anos.

Custodia Gama

Tras o golpe de estado de xullo de 1936, Custodia foi retida durante corenta días para que desvelase o paradoiro dos seus irmáns, dirixentes comunistas. Mallaron



nela, rapárona e sometérona á humillación de varrer as rúas cun cartel que dicía: “Comunista”. Non os delatou.

Daría González

Licenciouse en Filosofía e Letras, sección de Historia, en 1935. A súa militancia no Partido Galeguista impediulle participar nas oposicións para Adxunta de Instituto. En 1950 foi unha das fundadoras do Colexio da Inmaculada e despois ensinou nos institutos de Pontevedra e Marín.

Dolores Trabado

Foi a primeira muller da provincia en ter carné de conducir. Sacouno en 1923 e converteu o volante no seu modo de vida, como pioneira tamén do mundo do taxi. Ademais ocupouse do traslado de persoas enfermas nos tempos en que a Cruz Vermella aínda non tiña ambulancias.

Dolores Calviño, “a señora Lola”

Cando en 1941 se fundou o Pontevedra C.F., xa estaba aí a señora Lola. Ocupouse durante anos das tarefas menos visíbeis do fútbol, como a preparación da roupa dos xogadores, aos que trataba coma fillos. Era, sobre todo, a maior seareira do equipo de Pasarón.

Elvira Lodeiro

O franquismo fusilouna o 19 de decembro de 1936, uns días despois de quitarlle tamén a vida ao seu home, Juan Manuel Gómez Corbacho. Tiñan dúas nenas. A maior, Pilar, foi criada por unha tía na Arxentina. A menor, Manolita, que aínda non cumprira os catro anos, ficou en Galiza.

Ernestina Otero

Firme defensora do modelo de ensino da II República e dos dereitos da muller, chegou a ser directora da Escola Normal de Pontevedra. Mais o golpe de Estado converteu o edificio en cárcere e a ela, que asinara o manifesto en favor do Estatuto, afastouna das aulas durante anos.

Isabel Barreto

Foi a única muller almiranta da armada española no Océano Pacífico. Estando prohibida a presenza feminina nas expedicións marítimas converteuse, por causa



da enfermidade do seu home, na gobernadora da flota que partiu en 1586 de Perú e descubriu as illas Marquesas.

Josefina Arruti

Estivo dezaeito meses no cárcere e logo en arresto domiciliario ata o fin da guerra, por ser a esposa do Subsecretario de Gobernación e primeiro alcalde republicano de Pontevedra. Bibiano Fernández Osorio-Tafall marchou en 1939 para o exilio e a familia nunca puido reagruparse.

Leonor González, "Nené"

Os anos 60 tocaban a rebato cando Nené regresou da emigración para atopar a desagradábel sorpresa de ver a súa ría convertida en "escura cloaca" por mor da instalación, en 1963, da fábrica de celulosas de Lourizán. Iniciou entón a loita máis longa da súa vida: botala da ría.

María Vinyals

Firme defensora dos dereitos das mulleres xa nos compases finais do século XIX, foi coñecida como a "Marquesa Vermella" polas súas ideas progresistas e o seu compromiso social e político. En 1906 foi nomeada académica correspondente da Real Academia Galega.

María del Carmen del Valle

Muller independente e mestra, a señorita Carmiña rompeu as normas que o franquismo estableceu para as mulleres tanto na moda como na conduta, a pesar de ser criada polo seu tío, o cura de Lérez, tras ficar orfa moi nova. Adoitaba vestir pantalóns e desprazarse en bicicleta.

María Luisa Olañeta

Setenta e tres anos estivo María, a do Carrillo, vendendo lambetadas a varias xeracións de Pontevedra. Utilizaba para tal fin un carriño, que cambiou ata tres veces, e de aí vén o seu alcume. Mais na década dos oitenta trocouno definitivamente por un quiosco na Praza da Ferraría.

María Victoria Moreno

A pesar de ser cacereña, foi unha das principais seareiras tanto da cidade na que viviu boa parte da súa vida, Pontevedra, como da lingua galega, na que escribiu a



práctica totalidade dos seus libros. Por iso foi a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2018.

Mercedes Ruibal

*Marchou con vinte anos a Arxentina e alí, mediado o pasado século, fixo a súa primeira exposición pictórica, á que seguirían moitas outras tras o regreso a Galiza. Ademais escribiu *Confesiones de una volantenera con bragas de repuesto al dorso* e o poemario *Y mi voz es tu nombre*.*

Vasquida García

Menciñeira, na segunda metade do século XVI foi sometida polos Santos Oficios aos máis crueis tormentos, acusada de feitos tan disparatados como deitarse co demo ou ser a autora de feiticerías e supersticións. Ademais foi desterrada e pechada en prisións secretas de Compostela.